

CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO- FINANCEIRA E CONTABLE

Memoria 2017



Edita: Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable
Rúa Domingo Fontán, 9.
15702 - Santiago de Compostela.
A Coruña
Teléfono: 981 541 302
Correo electrónico: info.cixtec@cixtec.es
Páxina web: www.cixtec.es

Ano: 2018

CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE

Memoria 2017

XUNTA DE GALICIA

00 Índice

| | | |
|-----------|--|----|
| 01 | Introdución | 3 |
| 02 | Actuacións levadas a cabo no 2017 | 5 |
| 03 | L1: Actuacións para facilitar a relación coa cidadanía | 9 |
| 04 | L2: Actuacións nos sistemas de xestión dos empregados do sector público autonómico | 15 |
| 05 | L3: Coordinación e cooperación entre Administracións Públicas | 17 |
| 06 | L4: Actuacións nos sistemas tributarios, económico financeiros e contables | 19 |
| 07 | L5: Actuacións nos sistemas de información analíticos | 23 |
| 08 | L6: Calidade na xestión e prestación dos servizos TIC | 27 |

01 Introdución

Natureza e funcións do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable

O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) foi creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/98 do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión. Posteriormente apróbase o Decreto 360/98 polo que se regula a dotación de medios persoais (DOG 242 do 22 de decembro do 98) e o Decreto 361/98 polo que se aproba o Estatuto do CIXTEC (DOG 246 do 22 de decembro).


As funcións do CIXTEC son o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación, así como a subministración de equipos necesarios para levar a cabo os procesos informáticos da Xunta de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira.

A actividade do CIXTEC concéntrase principalmente nos sistemas de información das seguintes áreas funcionais:

- Plan Estratégico
- Orzamentos
- Contratación Pública
- Contabilidade
- Tesouraría
- Fondos Europeos
- Administración Tributaria
- Patrimonio
- Réxime de Persoal e Función Pública

Organización e estrutura

O 31 de decembro de 2017 a estrutura organizativa do CIXTEC está establecida de acordo co seguinte organigrama:



02

Actuacións levadas a cabo no 2017

As actuacións do CIXTEC enmárcanse en dous ámbitos principais: a posta en funcionamento de novos sistemas de información e na adaptación e mantemento dos sistemas actuais, onde a adecuación dos mesmos os cambios normativos precisa de constantes actuacións, sobre todo nestes últimos anos coa entrada en vigor de nova normativa.

A *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* (BOE núm. 236), establece unha regulación completa e sistemática das relacións «ad extra» entre as Administracións e os administrados, ofrecendo unha maior seguridade xurídica, reforzando a participación cidadá e sentando as bases para un pleno funcionamento electrónico.

A *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público* (BOE núm. 236), aborda a regulación «ad intra» do funcionamento interno de cada Administración e das relacións entre elas co obxectivo de simplificar o sector público institucional e incrementar a transparencia nos procedementos de elaboración das normas favorecendo ademais unha mellor cooperación e coordinación entre as distintas Administracións Públicas.

A *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014*, introduce nos procedementos de contratación unha maior transparencia na adxudicación e a inclusión de aspectos cualitativos, medioambientais, sociais e innovadores vinculados o obxecto do contrato. Outra importante mellora desta norma e a simplificación dos trámites para os licitadores o que favorece o acceso os procesos de licitación das PEMES.



As liñas de actuación do CIXTEC se sustentan en 5 obxectivos aliñados co Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 e a Axenda Dixital de Galicia 2020:

- **O1: Garantir o dereito dos cidadáns a relacionarse por medios electrónicos coa Administración de Facenda**, simplificando os trámites orientados aos servizos, aos cidadáns e ás empresas, de forma que sexan accesibles dende diferentes plataformas, doadas de utilizar e garantindo a calidade e a seguridade, para acadar aforros de custos e redución dos prazos na tramitación dos expedientes.
- **O2: Facilitar a transparencia nas actuacións da Administración de Facenda mediante a racionalización dos servizos económico financeiros**, de contratación pública e tributarios que permita unha xestión homoxénea e un aforro de custos, así como a través da automatización dos procesos e procedementos da Administración de Facenda para o impulso da administración sen papeis e o aumento do coñecemento e habilidades dos empregados públicos nas tecnoloxías da información.
- **O3: Potenciar os servizos de control e xestión mediante a utilización de sistemas estratéxicos que faciliten o proceso de toma de decisións**. Para isto, será necesaria a medición da utilización dos servizos electrónicos mediante indicadores e ferramentas homoxéneas que permitan establecer comparacións e coñecer o uso e o valor xerado.
- **O4: Favorecer o intercambio de información** coa Administración de Facenda estatal, as Facendas autonómicas e locais seguindo o esquema nacional de interoperabilidade, así como garantir a implantación do esquema nacional de seguridade e facilitar os mecanismos de identificación e autenticación no acceso aos servizos.
- **O5: Acadar unha administración pública ecolóxica por medio do uso das TIC para acadar aforros e redución da pegada medioambiental** en ámbitos como consumo de papel, o consumo enerxético, a racionalización de infraestruturas e o traballo en mobilidade.

“Avanzar cara a unha Administración dixital innovadora que aprende e se conecta á realidade da sociedade para responder e adiantarse ás necesidades e expectativas da cidadanía e as empresas”



Estes obxectivos se materializan nas seguintes liñas estratéxicas:



03

L1: Actuacións para facilitar a relación coa cidadanía

Segundo a enquisa da Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación (AIMC) do período outubro-novembro de 2017, o uso da internet na vida cotiá nos maiores de 14 anos sigue incrementándose ata acadar o 76,9% de usuarios que empregaron internet o día anterior a enquisa.

Dos máis de 15.200 participantes nesta enquisa, o 39,2% declarou haber feito xestións coa administración pública nos últimos 30 días.

Estes datos amosan que, para a cidadanía, a tramitación electrónica non pode ser unha forma especial de xestión dos procedementos senón que debe constituír a actuación habitual na súa relación coas Administracións.

Esta tendencia reflíctese no uso dos portais da Consellería e das entidades dela dependentes que tan só no ano 2017 recibiron 949.207 visitantes distintos, os cales accederon a 43.026.602 páxinas para a consulta de información relevante e para o acceso ós trámites e servizos dispoñibles.

www.conselleriadefacenda.es.

www.atriga.gal.

www.cixtec.es.

No ámbito dos servizos ofrecidos pola administración tributará á cidadanía, no ano 2017 púxose en funcionamento a nova Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.atriga.gal>) onde os usuarios poden realizar trámites en calquera momento e dende calquera dispositivo. Durante o exercicio 2017, realizáronse un total de 1.420.583 trámites electrónicos na OVT.

Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020

O Plan Estratéxico é o instrumento que define a senda de actuación do goberno e que ten por obxecto fomentar un modelo de crecemento económico baseado na innovación e no capital humano.

Para acadar os resultados previstos, cada obxectivo estratéxico agrúpase nunha serie de liñas de actuación ás que se vinculan recursos humanos, económicos, de coñecemento ou tecnolóxicos.

A rendición de contas dos resultados acadados en cada un dos obxectivos estratéxicos definidos no Plan está a disposición da cidadanía na plataforma xestionado polo CIXTEC no enderezo www.planestrategico.gal.

“ Os portais de Facenda recibiron máis de 949.000 visitantes distintos durante 2017 ”




Autoliquidación de taxas, prezos e impostos

Un dos tramites dispoñibles na Oficina Virtual Tributaria e autoliquidación de taxas, prezos e impostos, opción que foi elegida en preto do 70% dos casos.

Este servizo dispón da opción de efectuar o pago telemáticamente mediante tarxeta ou a través do cargo en conta o que evita o desprazamento ata unha das entidades financeiras colaboradoras.

Autoliquidacións presentadas para todos os impostos



Axuda á liquidación do imposto de sucesións


O programa de impostos cero no rural foi aprobado no ano 2016 co obxectivo favorecer a mobilidade de terras, propiciando a súa transmisión ao sector agrario, e facilitar que as explotacións accedan ao solo agrario con menos custe.

No ano 2017 a medida ampliouse cunha dedución na cota do imposto de sucesión do 100% para que determinados colectivos adquiren a súa vivenda no eido rural (*Orde do 9 de febreiro de 2017 pola que se determinan as parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais*).

Para a simplificación destes trámites, recollidos na *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (METAGA)* e as súas posteriores revisións, os cidadáns e empresas poden descargarse a ferramenta informática de Axuda á Liquidación do Imposto de Sucesións (ALIS) ca que se presentaron un total de 86.693 declaracións.

ALIS realiza os cálculos das deducións na cota tributaria do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados pola adquisición de explotacións agrarias, de elementos afectos e de predios rústicos.

Autoliquidacións do imposto de sucesións



Valoración subxectiva baseada nas comparativas de valores inmobiliarios

Os cidadáns teñen dereito a ser informados dos valores dos bens inmobles que vaian a ser obxecto de adquisición ou transmisión (*Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, artigo 34*).

Para facilitar esta información, empréganse os valores externos rexistrados por compañías taxadoras e os valores internos declarados e admitidos polos peritos da Administración.

Xestor de expedientes de contratación (Plation)

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello (2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014) que incorporan cambios no proceso de Contratación pública, o que supuxo a creación dun sistema de información adaptado a estas novas normas.

No 2017 púxose en funcionamento Plation, que é o Sistema Xestor de Expedientes de Contratación corporativo que permite dar cobertura de maneira totalmente electrónica e global ao proceso de Contratación Pública, sendo o encargado de xestionar os expedientes de contratación na súa totalidade.

Entre as súas funcionalidades poden destacarse:

- Xestión integral do dos fluxos de traballo para cada procedemento e tipo de contrato.
- Utilización de formatos normalizados dos documentos de contratación.
- Parametrización dos procedementos de servizos e subministracións.
- Configuración dos procedementos e dos modelos de documentos para cada entidade.
- Envío automático de todas as publicacións a:
 - Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (PcPG)
 - Diario Oficial de Galicia
 - Boletín Oficial do Estado
 - Diario Oficial da Unión Europea
- Integración con sistemas externos:
 - Sistema de Información Contable (XUMCO)
 - Sistema Electrónico de Facturas (SEF)
 - Plataforma de Xestión e Validación de Certificados Electrónicos (PCVE)
 - Plataforma de Verificación de documentos (CSV)
 - Sistema de Xestión de Identidades Corporativo (VIA CIXTEC)
 - Plataforma @firma
 - Servizo de correo electrónico corporativo
 - Plataforma de notificacións electrónicas (Notific@)
 - Sistema de Licitación Electrónica (SILEX)
 - Plataforma de Contratos de Galicia.

Os principais beneficios de Plation para a Administración Xeneral da Xunta de Galicia e as Entidades do Sector Público Autonómico son:

- A homoxeneización da documentación.
- O establecemento dunha canle de comunicación telemática coas empresas licitadores e/ou adxudicatarias.
- A custodia de todos os documentos do expediente.
- Incremento da transparencia e da concorrència.

“ O Xestor de Expedientes de Contratación (Plation) permite ofrecer unha solución global e integrada de xeito electrónico, de extremo a extremo, para o proceso de Contratación Pública ”

Sistema electrónico de facturación (SEF)

O SEF é o Punto xeral de entrada das facturas electrónicas ante a Administración Xeral da Xunta de Galicia e as Entidades do Sector Público Autonómico.

O SEF permite que os provedores poidan presentar as facturas e proporcioná-lles información sobre o estado do trámite, indicando, se a factura está rexistrada no Rexistro Contable de Facturas, se foi contabilizada a obriga recoñecida, se foi pagada, anulada ou rexeitada, etc.


Durante o ano 2017 incorporáronse ao sistema 8 novas entidades do Sector Público Autonómico e 731 centros educativos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Dende a súa posta en marcha no ano 2010, o número de facturas tramitadas electrónicamente incrementouse todos os anos ata acadar as máis de 868.000 que se presentaron no 2017.

Segundo o *"Informe Anual de la Agenda Digital para España"*, que estima o custo da tramitación de cada factura recibida en papel é de 2,28 euros, este sistema supón un aforro de preto de dous millóns de euros anuais para as arcas da Comunidade Autónoma de Galicia.

“O número de empresas que empregaron SEF incrementouse nun 13% no exercicio 2017”

Punto Xeral de entrada de facturas da CCAA. Evolución




Rexistro de contratistas

O Rexistro Xeral de Contratistas é un dos instrumentos de apoio ó proceso de contratación administrativa que favorece a concorrencia nas licitacións ó eliminar a necesidade de presentar documentación que xa conste nel.

No ano 2017 completouse a consolidación no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE), da información dispoñible no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC) e iniciáronse as actuacións para a integración do RXC co ROLECSP para a emisión de certificados de inscrición.

Durante este exercicio emitíronse 20.262 certificados que permitiron ás mesas de contratación axilizar a labor de análise da documentación presentada polos licitadores

Trámites realizados no Rexistro de contratistas



Rexistro de contratos do Sector Público Autonómico de Galicia

O Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico de Galicia é un dos mecanismos de transparencia e de bo goberno posto a disposición da cidadanía para o acceso a información respecto das licitacións que se adjudican polos órganos de contratación.

Ó longo deste exercicio incorporáronse no Rexistro un total de 155.075 contratos, que foron enviados ás Plataformas de Contratación do Ministerio de Facenda e a de Contratos Públicos de Galicia.

A ligazón existente entre un contrato e o sistema contable reduce a cantidade de datos introducidos manualmente, facendo máis áxil o traballo dos empregados públicos e ademais garátese a coherencia e homoxeneidade da información.

Sistema de licitación electrónica



Para a participación nos procedementos de contratación, a Xunta de Galicia dispón do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) que permite a presentación das ofertas de forma telemática.

O SILEX abarca as distintas fases que compoñen un procedemento de contratación pública, dende a súa publicación ata a adjudicación.

O sistema garante que as ofertas enviadas polos licitadores son rexistradas de xeito que sexa imposible coñecer o seu contido, agás no momento e polas persoas legalmente autorizadas.

As Consellerías da Xunta de Galicia e 97 entidades do Sector Público Autonómico empregan este sistema para a tramitación do procedemento super-simplificado dando cumprimento ó disposto na *Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público*.

Sistema de xestión e comunicación de fondos europeos

A través da Estratexia Europa 2020, que busca un crecemento intelixente, sustentable e integrador, a UE establece unha serie de obxectivos que deben alcanzarse no 2020 e que están relacionados con 5 áreas principais: emprego, innovación, cambio climático, educación e pobreza.

Para acadar estes obxectivos, Galicia é receptora de axudas comunitarias procedentes de fondos FEDER, FSE e de cohesión social e territorial.

Para a xestión informática destes fondos emprégase o Sistema de Información Fondos1420 que permite o seguimento, acreditación de requisitos, verificación e control dos meses.

Fondos1420, integrase cos sistemas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Co obxectivo de dar maior relevancia á información e á comunicación das actuacións financiadas con fondos Estruturais e de Inversión Europeos (EIE) a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos elaborou a Estratexia de Comunicación 2014-2020 dos POs FEDER y FSE Galicia. Unha das actuacións desta Estratexia foi a posta en funcionamento dun sistema de información para a difusión das accións realizadas cos fondos europeos, a normativa dispoñible, a programación de convocatoria e as obrigas de publicidade para os beneficiarios (normas, elementos gráficos, etc.).

Sistema de información de subvencións

En liña coas políticas de transparencia, seguridade e interoperabilidade, o Sistema de Información de Subvencións xestiona a información básica de subvencións do Sector Público Autonómico e favorece o intercambio de información coa Base de Datos Nacional de Subvencións 2016 (BDNS16).

A través do Sistema de Información Subvencións xestiónanse anualmente arredor de 1.400 convocatorias.

“ O Sistema de información de subvencións rexistrou arredor de 1.400 convocatorias ”

04

L2: Actuacións nos sistemas de xestión dos empregados do sector público autonómico

Sistema de información de nómina

O Sistema de Información de Nómina e Recursos Humanos (BREIXO) permite o cálculo das nóminas dos empregados públicos da Administración Xeral de Galicia e das Entidades do Sector Público Autonómico.


O sistema integrouse no 2017 co novo Sistema de Liquidación Directa de cotizacións á Seguridade Social, que pasa dun modelo de autoliquidación a un modelo de facturación, o que permite proporcionar maior información sobre as cotizacións a empresas e traballadores.

Outras actuacións:

- Adaptacións para cumprir coa lexislación autonómica e estatal para o exercicio 2017:
 - Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. Esta lei incluía o aboamento do complemento específico en 14 pagas.
 - Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estados para o ano 2017.
- Cálculo das cotas anuais a ingresar na Seguridade Social.
- Fondo de Acción Social correspondente ao exercicio 2016: captura, comprobación e xeración dos lotes de partes do Fondo de Acción Social (FAS).
- Elaboración das nóminas dos empregados públicos.
- Xeración e envío telemático dos recibos mensuais de salarios e do recibo anual de haberes.

“ Mensualmente xéranse unha media de 64.125 nóminas para as entidades do sector público autonómico ”

Evolución media mensual das nóminas enviadas electronicamente



05

L3: Coordinación e cooperación entre Administracións Públicas

Interoperabilidade entre administracións

A interoperabilidade é a capacidade dos sistemas de información de compartir datos e de posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles. A efectiva integración dos mesmos é un requisito necesario para a cooperación, o desenvolvemento e a prestación dos servizos das Administracións públicas.

O Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI), regulado polo Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, establece o conxunto de criterios e recomendacións que deberán ser tidos en conta pola Administración Pública para a toma de decisións no ámbito tecnolóxico.

No ámbito da interoperabilidade o CIXTEC desenvolve procedementos de intercambio de información con outras administracións e entidades que durante o ano 2017 se materializaron en distintas actuacións:

- Incorporación dos datos do catastro correspondentes ao exercicio 2016.
- Actualización do Censo Único Compartido (CUC).
- Incorporación das declaracións de Patrimonio do exercicio 2016 e as actualizacións de información relativas aos exercicios 2012, 2013, 2014 e 2015.
- Información relativa ao exercicio 2016 sobre o Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).

Casos de interoperabilidade con outras administracións

| | 2017 |
|--|------------|
| Tributos cedidos | 39.577 |
| Recadación executiva | 51.410 |
| Devolucións, doazóns, transmisións e sucesións | 8.004 |
| Parcelas catastrais | 12.492.558 |
| Control de deducións autonómicas | 121.250 |

Colaboración coa AEAT

- Definición do novo procedemento de remisión de providencias de constrinximento á AEAT para contribuíntes con enderezos fóra de Galicia.
- Intercambio de datos das débedas en período executivo de entes externos e outros organismos (universidades, concellos, mancomunidades, etc.)

Interoperabilidade coa Dirección Xeral de Tráfico

- No ano 2017 ampliouse a canle de comunicación coa DGT coa consulta de titularidade do vehículo por vendedor e comprador para evitar erros na alta de autoliquidacións de expedientes.

Convenio de colaboración co “Consejo General del Notariado”

- Os notarios comunican de forma telemática a ficha notarial asociada a unha transmisión, que é o documento que o Notario debe comunicar á ATRIGA para a liquidación do imposto correspondente.

A partir desta comunicación realízase o alta automaticamente, facilitando así a tarefa dos xestores e valoradores.



06

L4: Actuacións nos sistemas tributarios, económico financeiros e contables

Expediente tributario electrónico

O Expediente tributario electrónico enmárcase dentro do programa "Facenda dixital", que ten como obxectivos xerais:

- Simplificar os trámites orientando os servizos aos cidadás e as empresas.
- Fomento do uso de medios electrónicos como canle preferente para a relación coa Administración.
- Automatización dos procesos e procedementos da Administración de Facenda para a mellora na eficacia e eficiencia da xestión.
- Favorecer o intercambio de datos coa Administración de Facenda Estatal e coas Facendas Autonómicas e Locais.

A implantación do expediente tributario electrónico abórdase dende dúas perspectivas:

- A posta en marcha de sistemas de información para a realización de trámites de xeito completamente electrónicos.
- A dixitalización e catalogación de documentos que se presenten en formato papel para súa conversión en documentos electrónicos.

No relativo á dixitalización e catalogación de documentación foi necesario:

- Identificación de necesidades no que se refire ao impacto da implantación do expediente tributario dixital no funcionamento actual das delegacións e oficinas xestoras: escenarios de captura.
- Auditoría documental, co fin de comprender o alcance das necesidades e revisar as fortalezas e carencias do sistema actualmente implantado.
- Posta en marcha dun sistema de xestión documental (hardware e software) para a captura, catalogación, almacenamento e visualización de documentos electrónicos.
- Análise e modificacións a realizar nos sistemas de información actuais para a súa integración co xestor documental.

“O expediente electrónico permite acceder os documentos tributarios dende calquera punto”

Sistema de dixitalización certificada (Aport@)

A dixitalización certificada é o proceso tecnolóxico que permite converter un documento en soporte papel nun ou varios ficheiros que conteñen a imaxe codificada, fiel e integra do documento.

A dixitalización certificada permite a creación dun documento electrónico, entendido este como un obxecto dixital formado por:

- a imaxe electrónica obtida,
- os metadatos descritivos,
- a firma asociada ao proceso de dixitalización.

Este proceso ten que cumprir como mínimo cas directrices do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, por lo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Nesta lei regúlase o réxime de validez e eficacia das copias, onde se definen os requisitos necesarios para que unha copia sexa auténtica e as características que deben reunir os documentos emitidos polas administracións para seren considerados válidos.

Sistema de información de Xestión Tributaria (XEITO)

O sistema de información tributaria (XEITO) abarca as áreas funcionais de xestión, valoracións, inspección, recadación, Oficina Virtual Tributaria (OVT) e está integrado co Sistema de Información Contable XUMCO para a incorporación dos ingresos tributarios.

As actividades de adaptación normativa máis destacable foron as relativas a *Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación para a aplicación de novas deducións, reducións e bonificacións.*

Outras importantes melloras foron a integración co Sistema de Dixitalización Certificada (Aporta@) e co Sistema de Notificacións Electrónicas (Notific@), que facilita o envío de notificacións electrónicas conforme á normativa vixente.

Imposto compensatorio Ambiental Mineiro (ICAM)

O ICAM é o imposto que grava a alteración da superficie e o almacenamento de residuos dos minerais metálicos e metais preciosos segundo o descrito no Capítulo III da Lei 12/2014 de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Este imposto non afecta ás explotacións tradicionais de Galicia (lousa, granito ou áridos).

Durante 2017 leváronse a cabo os desenvolvementos para posibilitar a declaración/autoliquidación, pagamento e presentación do Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro (ICAM). O novo procedemento amplía o catálogo de servizos electrónicos da OV Tributaria e consta das seguintes funcionalidades:

- Censo Electrónico de Concesións e Instalacións de Depósito ou Almacenamentos Mineiros (CECIDAM): declaración censual de explotacións mineiras
- Autoliquidación ICAM: autoliquidación, pagamento e presentación do imposto.

Sistema de información contable, orzamentario e de tesouraría

O Sistema de Información Contable, Orzamentario e de Tesouraría (XUMCO) da servizo ás entidades dependentes da Xunta de Galicia con orzamento limitativo.

As principais actuacións realizadas no 2017 foron:

- Adaptación á Orde de 30 de xuño de 2016, pola que se establece o Plan de avaliación e seguimento do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (PASPEG).
- Implantación de melloras na información aportada dende contabilidade ao sistema de información de certificación de fondos FEDER e FSE (FONDOS1420).

Outros proxectos e actuacións transversais nos sistemas tributarios, económico financeiros e contables

A apertura dun novo exercicio fiscal supón a realización de procesos informáticos entre os que se inclúen:



07

L5: Actuacións nos sistemas de información analíticos

Sistema de información analítica

A análise de datos é o conxunto de técnicas e ferramentas para transformar os datos en información, e a información en coñecemento co obxectivo de que as organizacións tomen mellores decisións. Cando o conxunto de datos a analizar é moi elevado, de múltiples fontes e requírese velocidade de procesamento, fálase de *DataMart*, *DataWarehouse* ou *Big Data*.


A Consellería de Facenda dispón de distintos datamarts que conforman o Sistema de Información Analítico (SIAN) a partir do cal se dispón de forma agregada, e nun único repositorio, da información tributaria, económico-financiera e contable das entidades do sector público autonómico.

“ 1.223 usuarios utilizan o sistema de información analítico ”

Número de usuarios do SIAN

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 |
|------------------------------|-------|-------|-------|-------|
| Plan Estratéxico de Galicia | 61 | 73 | 96 | 105 |
| Orzamentos | 61 | 70 | 82 | 89 |
| Facturación | 509 | 832 | 878 | 935 |
| Recursos humanos | 68 | 141 | 243 | 283 |
| Tesouraría | 18 | 24 | 29 | 33 |
| Fondos europeos | 5 | 6 | 7 | 17 |
| Contabilidade | 245 | 288 | 347 | 391 |
| Tributos | 88 | 96 | 100 | 139 |
| Xestión de servizos | 22 | 22 | 23 | 25 |
| Actividade | 8 | 8 | 8 | 8 |
| Número total de usuarios | 1.085 | 1.560 | 1.813 | 2.025 |
| Número de usuarios distintos | 810 | 1.068 | 1.233 | 1.223 |

Evolución anual do número de usuarios do Sistema de Información Analítico (SIAN)



Sistema de información estatístico tributaria

A información concerne á xestión contable/recadadora do sistema de información tributario (XEITO) analízase no Sistema de Información Estatístico Tributario (SIETE), que ademais vincula indicadores da área contable e tributaria do SIAN.

O sistema tamén agrega outras fontes de información tales como Patrimonio, IAE, Catastro ou os Índices Notariais, integrando nun único sistema toda a información relacionada coa xestión tributaria.

DELFO

Este sistema baséase en tecnoloxías Big Data e permite obter as operacións tributarias, contables e doutra índole vinculadas a un ou varios NIF, mostrándoas nunha única vista:

- Datos tributarios vinculados ao contribuínte: expedientes, autoliquidacións, liquidacións e bens.
- Datos do catastro vinculados co contribuínte: datos do inmovible, titular e referencia catastral.
- Datos dos índices notariais: identificación do índice notarial, operación efectuadas, intervinentes e valores asociados coas operación efectuadas.



Datos disponibles no Sistema de Información Analítica (SIAN)

Plan Estratégico de Galicia

Facilita o seguimento da execución, tanto dende un punto de vista económico como da avaliación dos resultados conseguidos, de cada unha das iniciativas do plan.

Orzamentos

Permite a preparación e elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Facturación

Achega capacidades analíticas sobre os datos da facturación rexistrada en SEF e XUMCO2, co obxectivo de optimizar o ciclo de facturación e as actividades realizadas para garantir os compromisos de pagamento establecidos.

Recursos humanos

Ofrece capacidades analíticas dende o punto de vista das retribucións aboadas en cada concepto aos empregados, bases de cotización (IRPF, Continxencias comúns, continxencias profesionais), así como a súa relación coa execución orzamentaria (Capítulo I).

Tesouraría

Proporciona información analítica sobre a xestión da Tesouraría e a súa relación coa execución do orzamento mediante a información das operacións da Tesouraría e os movementos das contas bancarias, e sobre a relación das operacións da Tesouraría coa facturación.

Fondos europeos

Permite valorar a evolución, a situación e o grao de execución e certificación dos fondos, non só de orixe europeo tales como: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Fondo Social Europeo (FSE), Fondo Europeo de Pesca (FEP), etc., senón de todos aqueles dos que a Comunidade Autónoma sexa a receptora.

Contabilidade

Proporciona capacidades analíticas sobre os datos da contabilidade dos gastos, dos ingresos, a evolución do orzamento e os movementos de documentos contables. Incorpora información relativa á xestión contable/recadadora da aplicación tributaria (XEITO2), e está vinculada cos indicadores da área contable e tributaria do SIAN.

Tributos

Facilita capacidades analíticas sobre a información tributaria existente nos distintos sistemas de información da Consellería de Facenda.

Xestión de Servizos

Subministra información analítica sobre a xestión de peticións de servizos rexistradas, incluíndo número de peticións de servizo, tempo medio dende creación, tempo medio dende a asignación das mesmas, información relativa ao cumprimento do nivel de servizo, etc.

Actividade

Ofrece información analítica sobre a actividade e o uso dos sistemas de información da Consellería de Facenda.

08

L6: Calidade na xestión e prestación dos servizos TIC

O longo do 2017, o CIXTEC atendeu un total de 26.792 peticións de servizo relativos ós sistemas de información que forman parte do seu catálogo.

Os usuarios destes sistemas de información son cidadáns, empresas, empregados públicos e outras administracións.

Distribución das peticións de servizo por orixe

| | 2017 |
|---|--------|
| Empregados públicos | 16.640 |
| Empresas e cidadáns | 9.720 |
| Outros: Concellos, Deputacións, Universidades, etc. | 432 |
| TOTAL | 26.792 |


“ 26.792
peticións
de servizo
atendidas
en 2017 ”

Para una atención máis eficiente, activouse unha nova canle de comunicación que permite ós usuarios abrir directamente as súas peticións na ferramenta de xestión e realizar un seguimento das mesmas.

Esta opción de autoservizo foi empregada para comunicar máis de 3.700 solicitudes (un 14% do total).

Ademais das peticións de servizo tamén se realizan outras actividades para a evolución e mantemento dos equipos informáticos e de comunicacións sobre os que se executan os sistemas de información.

Todas as actividades se coordinan e integran a través do mapa de procesos do CIXTEC, onde se recompilan os procedementos e outros documentos técnicos que gobernan a operativa do Centro.



Evolución da arquitectura tecnolóxica

Os continuos avances no ámbito das Tecnoloxías da Información requiren dunha arquitectura que permita incorporar de xeito progresivo novos compoñentes e una actualización áxil dos xa dispoñibles.

O CIXTEC dispón dunha arquitectura de aplicacións que facilita a reutilización de compoñentes entre os distintos proxectos.

Durante o ano 2017 afrontáronse os traballos de actualización e definición desta arquitectura, principalmente para á consolidación das funcionalidades de integración de aplicacións, a xestión e control de accesos aos sistemas de información, as funcións criptográficas, os servizos de xestión documental, impresión, etc.

As principais actividades abarcaron as seguintes áreas:

- Arquitectura Tecnolóxica para aplicacións de Facenda Dixital, coa evolución e o desenvolvemento do marco tecnolóxico corporativo empregado para o desenvolvemento de aplicacións e servizos.
- Arquitectura de desenvolvemento e integración continua, que permite a axilización dos procesos de desenvolvemento e o despregue das aplicacións a través de ferramentas especializadas.
- Sistema de acceso unificado ás aplicacións, ampliando a carteira de servizos do sistema de acceso unificado VÍA CIXTEC.
- Plataforma de integración de aplicacións, que permitiu incrementar as capacidades de interoperabilidade entre as aplicacións propias como doutras aplicacións pertencentes a outras administracións.
- Evolución do sistema transversal Pasarela de Pagamentos, que permite o pagamento electrónico e facilita aos cidadáns o cumprimento das seus obrigas no ámbito dos tributos.
- Evolución do sistema transversal Plataforma de Intercambio de Información cos Sistemas Económico-Financeiros e Tributarios o que permitiu a posta en funcionamento de novos servizos nas Oficinas Virtuais.
- Sistema de impresión e servizos documentais, nos que evolucionaron as interfaces de acceso para xeración, visualización e recuperación de informes e adaptouse aos requirimentos das aplicacións de Facenda Dixital.



Seguridade da información



O gran reto de toda organización onde o seu principal activo son os datos, e a protección fronte as cada vez máis constantes ameazas dirixidas contra os seus sistemas de información.

Para garantir os principios de seguridade básicos de continuidade, confidencialidade, dispoñibilidade, integridade e trazabilidade, o CIXTEC dispón dunha política de seguridade sustentada na normativa vixente en materia de Protección de Datos e nas medidas do Esquema Nacional de Seguridade (ENS).

A política abarca todo o ciclo de vida dos sistemas de información e define procedementos de protección activa, buscando a anticipación ante efectos adversos e definindo accións de respostas rápidas ante os incidentes.

O desafío no ámbito da protección da información está en acadar o equilibrio entre a aplicación das medidas de seguridade nos sistemas e procedementos, e que as mesmas non interfiran na operativa cotiá, polo que a correcta implantación das mesmas permitirá a súa aplicación dun xeito natural e transparente.

O CIXTEC en cifras

